

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia 2025

Parlamento de Galicia, 5 de abril de 2022 / 12.30 h.

Benvidos a esta casa, que é a de todos os galegos e galegas.

Moi bo día ás autoridades e aos invitados que nos honran coa súa presenza neste acto de entrega da Medalla do Parlamento de Galicia á Real Academia Galega de Belas Artes, a Afundación-Obra Social ABANCA e ao historiador Ramón Villares. Saúdo tamén ao tempo a cantos hoxe escolleron acompañárennos a través da Televisión de Galicia, a Radio Galega ou a través da web do Parlamento de Galicia.

Celebramos hoxe de novo con orgullo o aniversario do Estatuto co que ao longo dos seus máis de corenta anos de vixencia vimos medrar a nosa autonomía, as institucións que o sustentan, así como a estabilidade política e social que nos caracterizan, ata situármonos como un dos territorios con maior capacidade de autogoberno de Europa.

Non por iso imos deixar de dar pasos adiante no desenvolvemento pleno do marco de competencias que o Estatuto, e tamén a Constitución, nos outorgan. Correspóndenos a todos nós manter viva a semente que plantaron os nosos devanceiros, na procura irrenunciable da igualdade social e territorial nun sistema que debe ser equilibrado e non discriminatorio para ninguén.

Pido solemnemente desde aquí que se chegue a un acordo para que os dereitos dos cidadáns sexan financiados independentemente do lugar no que residan.

A cultura, xunto coa lingua e o territorio, son os alicerces da nosa historia e da nosa identidade dentro da diversidade multicultural que compón o mosaico europeo como un espazo único de convivencia e benestar que non debe ser deturpado.

Atribúeselle a Jean Monnet, considerado un dos pais fundadores da Unión Europea, unhas declaracións nas que dixo que «se houbese que a refacer, comezaría pola cultura».

Galicia é a rexión de Europa na que por excelencia conflúen desde hai séculos as artes e a cultura do vello continente a través do Camiño de Santiago, que leva séculos comunicando entre si os pobos de Europa.

Porque nada do que acontece ao noso redor nos resulta alleo, nestes momentos temos que ser máis conscientes que nunca do obxectivo inicial na creación da Unión Europea: a recuperación económica nun territorio devastado pola guerra e blindar a paz; e lembrar que o vello continente medrou apoiándose nos principios irrenunciáveis de democracia, paz e liberdade.

Non permitamos que sexan outros os que escriban o futuro da gran nación que é Europa.

Galicia ten contribuído moito á conformación do proxecto europeo, no que se ven reflectidos millóns de persoas baixo a mesma bandeira. Somos unha parte esencial e inspiradora da súa historia, que afunde as súas raíces séculos atrás, cando os primeiros peregrinos percorreron o Camiño de Santiago ata chegar á meta da universal praza do Obradoiro.

Galicia é Europa, e Europa é sinónimo de democracia, paz e liberdade fronte ás ameazas, por desgraza nunca desbotadas, de erguer muros de autocracia ou totalitarismo da man das novas oligarquías tecnolóxicas.

Lonxe da imaxe dunha Galicia illada, o pobo galego ten unha incuestionable vocación europeísta que enraíza a través non

só do Camiño de Santiago, senón tamén a través das súas conexións marítimas desde a prehistoria.

Cos intelectuais galeguistas da Xeración Nós, aos que honramos en 2021 coa Medalla do Parlamento, esa secular influencia europea cobrou forma a través das súas propias experiencias.

Castelao, Risco, Otero Pedrayo ou Losada Diéguez prestaron unha atención continuada a todas as correntes europeas, que logo plasmaron no seu pensamento e nas súas obras, cunha Europa construída desde a cultura.

De Otero Pedrayo dixo un dos nosos homenaxeados, Ramón Villares, que «se algunha etiqueta lle presta é a de ter sido un verdadeiro intelectual europeo, un amator da riqueza civilizatoria do vello continente e un apaixonado cultivador dela».

A idea da irmandade entre os diferentes pobos do continente, marcado, máis que por un mercado común, por un sentimento común, arraigou tamén na posibilidade duns Estados Unidos de Europa que esbozou o propio Castelao no seu *Sempre en Galiza*.

Foi Ramón Piñeiro quen máis avogou polo galeguismo cunha dimensión europeísta como ideal de integración das comunidades culturais, e tamén o decidido impulsor dun Estatuto cunha marca cultural como elo da nosa identidade. En palabras de Ramón Lugrís, «Galicia, para Piñeiro, é unha cultura e, nese senso, pode contribuír á cultura común, que é Europa».

Con ese espírito, botou a andar o 6 de abril de 1981 o Estatuto con que culminaba a tarefa de tantos que se comprometeron coa cultura, a lingua e o territorio sobre os que se levantou o anhelado autogoberno.

Correspóndenos aos que formamos parte das institucións autonómicas, no marco institucional español e europeo, esforzámonos en honrar a súa herdanza e facer medrar, coas achegas de todos, os principais símbolos da nosa identidade, dándolle forma a través de todas as súas expresións sociais e artísticas.

É así como hoxe damos cumprimento ao compromiso previsto no noso Regulamento, para distinguir aquelas institucións ou persoas físicas ou xurídicas que se fan merecedoras da consideración honorífica dos representantes lexítimos do pobo galego, por se teren distinguido ao servizo da Comunidade Autónoma, ou pola súa especial relación ou vínculo co Parlamento.

Non me cabe a menor dúbida de que tal é o merecido caso das medallas que hoxe imos entregar, como igualmente o é no dos seus distinguidos antecesores.

Deste xeito, queremos expresarles o noso agradecemento pola súa implicación, entrega e dedicación constantes na tarefa coral de conservar e dar a coñecer os fondos artísticos e culturais que alberga esta Cámara desde a súa creación, proba inequívoca do seu sólido compromiso coa cultura galega e coa realidade social da nosa Comunidade Autónoma.

Quero aproveitar esta celebración para lle trasladar á Real Academia Galega, a decana das reais academias, a dobre felicitación por recibir hoxe o recoñecemento do Parlamento e polo seu 175 aniversario, o que aconteceu o pasado ano.

A súa colaboración e o seu asesoramento foron decisivos na catalogación e musealización dos fondos artísticos da Cámara, integrados por máis de 300 pezas de pintura e escultura de artistas galegos contemporáneos. Agradecemoslle a colaboración permanente que presta á institución desde 2018 para a conservación, o estudo e a difusión deste patrimonio que, como xa dixen ao comezo da miña intervención, pertence a todos os galegos e galegas.

Consecuencia desta frutífera colaboración é o novo proxecto no que iremos da man para, dentro da nosa filosofía de traspasar os muros desta casa para nos achegarmos aos cidadáns, espallar o coñecemento da colección de arte a través de colexios, institutos e outras organización que poidan estar interesadas.

Vaia tamén o noso agradecemento para Afundación-Obra Social Abanca, coa que desde o Parlamento compartimos o interese común pola difusión da arte e a cultura galegas. A súa colaboración desinteresada nesta tarefa común faina xusta e merecida acreedora da Medalla que hoxe lle entregamos e que confirma o seu compromiso real coa cultura, coas institución e co pobo galego.

Completamos as distincións deste ano coa que se lle outorga ao catedrático e historiador Ramón Villares, un dos intelectuais máis destacados da nosa historia máis recente, con cuxa colaboración temos o orgullo de contar sempre que lla requirimos. Sen el non terían sido posibles moitas das iniciativas que se puxeron en marcha para realzar algúns dos acontecementos máis destacados de historia da autonomía. Grazas sempre.

Nestes tempos en que estamos a vivir o vertixinoso desenvolvemento, para ben e para non tan ben, dos avances que introduce a intelixencia artificial en múltiples eidos da vida pública e privada, quero felicitar os nosos galardoados pola súa sólida e xenerosa aposta a prol do patrimonio público da Comunidade Autónoma.

Desde o Parlamento, e eu mesmo persoalmente, igual que fixeron os meus antecesores, compartimos esa aposta a prol da creatividade e a orixinalidade dos artistas galegos que non poden substituír nin o imperio dos algoritmos nin a sobreactuación tecnolóxica que nos rodea.

É para todos nós un orgullo acollermos neste recinto parlamentario unha ampla mostra de fondos artísticos,

documentais e bibliográficos que acreditan a vizosa saúde do talento artístico e a historia cultural que cimentan unha identidade propia e madura democraticamente.

Como representantes e fedatarios de todos os galegos e galegas, é a nosa obriga velarmos por este patrimonio que a eles pertence. E tamén compartilo e dalo a coñecer contando coa colaboración e o asesoramento de institucións e estudosos da nosa arte contemporánea.

Do mesmo xeito que os deputados e deputadas se achegan aos cidadáns nas súas circunscricións electorais —sempre defendo que o contacto coa realidade das persoas é imprescindible e determinante—, na nosa identidade está o afán por promovermos as distintas iniciativas coas que damos a coñecer este patrimonio artístico, dentro e fóra destes muros, do litoral ao interior, na mariña ou na montaña.

Parabéns de novo a todos os galardoados e aos equipos humanos que os acompañan pola súa contribución a perpetuaren e daren a coñecer o patrimonio cultural que alumean os artistas e intelectuais galegos.

E moitas grazas a todos asistentes por nos acompañaren hoxe neste acto tan significado para o Parlamento galego.